

## **DECRETO DA ALCALDÍA 494/09**

### **Antecedentes**

1. Visto que mediante Decreto da Alcaldía aprobouse o expediente de contratación e as condicións xerais e particulares que rexerían a concertación dunha operación de tesourería por importe de 319.380 euros.

2. Visto que con data de 9/10/2009 emitíuse informe da Intervención Municipal e de acordo cos criterios de negociación aprobados realizou proposta de adxudicación en favor do Banco de Bilbao Vizcaya Argentaria S.A.

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade coas competencias 52.2 do TRLRFL,

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Declarar válido o acto de licitación.

**SEGUNDO.** Adxudicar provisionalmente a contratación dunha operación de tesourería en favor da entidade bancaria Banco de Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. por importe de 319.380 €e demais condicións establecidas na súa oferta e proxecto de contrato resumidas a continuación:

Tipo de Xuro: Euríbor 3 meses + 0,74 % (sen redondeo)

Xuros de Mora: A suma de xuro do contrato máis unha marxe adicional do 2%.

**TERCEIRO.** Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios do contrato.

**RECURSOS:** Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, segundo o artigo 107.1 da Lei 30/1992 e 52.2a) da LBRL 7/1985, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, ao abeiro dos artigos 116.1 e 117.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999. Este recurso entenderase desestimado se dende o día seguinte á súa presentación transcorre un mes sen que se resolva e notifique de forma expresa, segundo establecen os artigos 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992.

Así mesmo, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, de acordo cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se interpuxese recurso potestativo de reposición, sen que se resolva e notifique no prazo de un mes, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo cos artigos 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Advírtolle, que poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Vilaboa, 9 de outubro de 2009

O alcalde

Jose Luis Poceiro Martínez